

Acta da sesión ordinaria do **Comité Ambiental** celebrada o día **31 de outubro de 2018** na Sala de Xuntas do Decanato da Facultade de Ciencias da Educación, coa asistencia dos seguintes membros:

Vicedecano de Infraestruturas: Roberto Suárez Brandariz

Coordenador Técnico: Pedro Vega Marcote

Sector Docentes:

Ánxela Bugallo Rodríguez

Eduardo Pásaro Méndez

Juan Carlos Rivadulla López

Nuria Rebollo Quintela

Lucía Vázquez Ben

Sector Alumnado:

Carolina Val Rey

Icía Abella González

Desculpan a súa asistencia os profesores Carlos de Paz, Araceli Serantes Pazos, Eva María Espiñeira Bellón e Yolanda Golías Pérez. Asimesmo o alumno Rodrigo Gil Cedillo. A profesora Rosa Caramés Balo segue de baixa laboral.

Comenza a sesión as 11:40 horas, para trata-lo seguinte **Orde do día:**

PUNTO 1.- **Leitura e aprobación, si é o caso, das actas pendentes de sesións anteriores.**

Toma a palabra o Vicedecano e sinala que o decano non pode asistir por problemas de axenda e como quera que o acta encontrábase a disposición dos presentes e ninguén presenta suxestións, apróbase esta por asentimento.

PUNTO 2.- **Incorporación nova bolseira.**

O Vicedecano presenta a nova bolseira Icía Abella González ao comité dándolle a benvinda e agradecendo tanto a súa disponibilidad como as tarefas que levou a cabo, que son: actualización de Facebook e creación do Instagram de Green Campus donde se recollen as actividades realizadas, colaboración na instalación de carteis e pegatinas da campaña ``Mellor a Pé´, para reducir o consumo enerxético do ascensor (utilización racional do ascensor) e tamén fomentar hábitos saudables e revisión das isletas de residuos.

PUNTO 3.- Informe das actividades levadas a cabo.

O Vicedecano dalle a palabra ao Coordinador Técnico do Comité o profesor Pedro Vega para que informe sobre as principais actuacións levadas a cabo neste cuadrimestre:

Se pon de manifesto que se está a producir una millora dos impactos ambientais dos eventos que se celebran na Facultade, seguindo as indicacións de “eventos sostibles” promovido polo Green Campus como foi o caso dos “28 Encontros de Didáctica das Ciencias Experimentais” (xarras de auga en vez de botellas, compra de produtos sen envoltorios...).

Tamén se celebrou a Semana da Educación Ambiental coincidindo co día da Educación Ambiental levando a cabo actividades o alumnado de terceiro de Primaria coas profesoras Anxela Bugallo e Lucía Vázquez Bren facendo unha recollida e clasificación de residuos dentro e fora da Facultade, da que se informou no Facebook, instgram e tablón de Gren Campus.

Segue a campaña de recollida de tapóns en colaboración coa Oficina de Voluntariado da UDC e tamén de recollida de aparellos electrónicos e tonners, comprobando unha milloría significativa na recollida dos mesmos por unha nova empresa de reciclaxe.

PUNTO 4.- Propostas de actividades.

Vaise celebrar a semana dos residuos na Facultade do 19 ao 23 de novembro con diversas actividades que se están a programar desde o Comité Green Campus coa participación do alumnado e profesorado da Facultade.

Resáltase a importancia de introducir a dimensión da sostibilidade e actuacións para reducir o impacto ambiental da Facultade nos RRI da Facultade e departamentos, así como nas guías docentes dun maior número de profesorado, con actividades e metodoloxías que recollen os principios de Green Campus.

PUNTO 5.- Roda de intervencións.

Na rolda de intervencións a profesora Nuria Rebollo manifesta a súa dispoñibilidade para manter unha reunión cos delegados de cursos de toda a Facultade no que se informará aos mesmos das actividades realizadas e as que se van a realizar dentro do programa Green Campus, e así conseguir unha millor participación do alumnado.

A profesora Lucía propón dar publicidade do Facebook e Instagram nas clases.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión.